



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación e ante o Alcalde en relación coa demanda do da declaración do 24 de Xullo, día da Dorna, como festivo local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Festa da Dorna é unha festa orixinal e específica do concello de Ribeira que se ven celebrando dende hai 60 anos. Esta festa implica tanto á mocidade como a xente maior ao longo da súa celebración.

Son milleiros os e as participantes nela e tamén son miles as persoas que visitan o noso concello durante estas celebracións.

En 2005 a Festa da Dorna foi Declara de Interese Turístico Galego e dende aquela tanto o BNG como a propia Cofradía da Dorna, avalada por miles de firmas, solicitaron que o 24 de xullo fose festivo local.

Esta medida facilitaría a participación e implicación dos e das ribeirenses que traballan este día, co cal contribuiríase a facer a unha festa máis grande e mellor.

Sabendo que os concellos teñen a potestade de fixar 2 festivos locais ao ano.

o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

Que o **concello de Ribeira declare, a partir de 2009 e para sempre, o 24 de Xullo, Día da Dorna, Festivo Local.**

Ribeira, 30 de Maio de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA